

# CONCURSO CARTEL DE REIS MAGOS 2017

## BASES

1º) O Concurso de “ Cartel de Reis Magos 2017” vai dirixido ós escolares de Ed. Infantil e Primaria do Concello de Lourenzá.

2º) Presentarase o cartel pintado ou decorado, con motivos que fagan referencia á festividade dos Reis Magos, en cartolina tamaño folio A-4 . É recomendable que a cor da cartolina non sexa moi escura.

3º) A cartolina levará no reverso os datos do participante: nome e apelidos, idade, enderezo e teléfono.

4º) Empregarase a lingua galega.

5º) O prazo de entrega do cartel rematará o día 16 de decembro, e efectuarase na Biblioteca Municipal de Lourenzá.

6º ) Establécese un único premio que consistirá nun lote de material e/ou xogos didácticos, que será entregada o día 23 de decembro nun acto público ao gañador ou gañadora do concurso.

7º) O cartel gañador servirá como anunciador do Concello da vindeira Cabalgata dos Reis Magos 2017, e quedará como propiedade do Concello de Lourenzá.



ORGANIZA : CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LOURENZÁ